
2. ARMAS SEN CONTROL



Matar é cada día máis doado: pódese facer a maior distancia, con maior indiferenza e menor esforzo. O fornezo de armas a países en conflito ou onde se violan os dereitos humanos é constante e carece de control. Bancos e Estados fanse ricos co negocio da guerra.

4. O CHE GUEVARA NEGRO



O 15 de outubro de 1987, xusto vinte anos despois da morte de Ernesto Che Guevara en Bolivia, morría asasinado en Burkina Faso Thomas Sankara, o Capitán de África, tras catro anos de goberno revolucionario. Intelectuais de todo o mundo mobilízanse agora para recuperar a súa figura.

8. ENTREVISTA A SAMI NAÏR



Catherine Hernández falou co filósofo e sociólogo franco-alxeriano sobre América Latina. "Só co entendemento entre toda a fronte de países anti-globalizadores o continente podería desprenderse do xugo imperialista."



Altermundo

númERO 4

SUPLEMENTO HORIZONTAL

ALTERMUNDO PUBLÍCASE EN 'GALICIA HOXE' O DERRADEIRO DOMINGO DE CADA MES

GALICIA HOXE
DOMINGO, 26
AGOSTO 2007

ORGULLO 'SEM TERRA'



FÁBIO POZZEBOM/ABR



O **Movimento dos Trabalhadores e Trabalhadoras Rurais Sem Terra (MST),** do Brasil, leva vinte e tres anos na procura do seu lugar no mundo, esixindo ao goberno unha reforma agraria que asegure un reparto xusto da terra para poderen producir e para poderen vivir como camponeses e camponesas. Eva Gil, da ONGD Amarante, dá resposta ás claves de funcionamento e organización dun movemento alternativo que integran millerios de brasileiros e de brasileiras e que se artella con sorprendente eficacia fronte a un Estado que non os protexe. Un movemento tan influente no universo altermundista coma decoñecido na súa mecánica interna. [Páxs. 6 e 7]



MATAR A DISTANCIA: O NEGOCIO DAS ARMAS

Bancos e Estados invisten no negocio das armas, que se venden a países que non respectan os dereitos humanos



MANOEL SANTOS
Biólogo
e escritor

A Fundación 'Justícia i Pau' –que alberga o 'Centre Delàs d'Estudis per a la Pau', dedicado á investigación pola paz e o desarmamento– e o 'Observatorio da Débeda da Globalización' –coñecido pola campaña 'Quen Debe a Quen' sobre a débeda externa dos países en desenvolvemento– acaban de lanzar unha campaña á que chaman 'BBVA Ser Armas'. Con ela pretenden comezar a crear unha opinión pública contraria aos investimentos das entidades financeiras nas empresas relacionadas coa fabricación de armamento. O obxectivo é principalmente o BBVA, se cadra porque a intención primeira é que a xente identifique culpábeis directos. Os responsábeis da campaña acusan ao megabanco non só de participar en industrias militares –ten, entre outras, un 40% de participación na fabricante de mísiles Inmize e un 14,30% en CESCE, que financia exportacións de armas–, senón tamén de actuar contra a natureza financiando industrias moi contaminantes –como a polémica factoría de ENCE no Uruguai e un oleoduto de crus pesados no Ecuador–, e especialmente nos países do Sur e "mediante o suposto uso da compra de vontades políticas aos seus gobernantes ou branqueando cartos de procedencia dubidosa".



LAS ERINIAS / LA FURIA / CONTROLARMS.ORG

O BBVA non ten a exclusiva no de negociar coa morte, porque ao cabo as armas son para matar. Cajamadrid, por escoller algunha ao chou, participa cun 14,98% en Indra, que fabrica compoñentes electrónicos para a industria militar; a Bilbao Bizkaia Kutxa ten un 10,80% de CAF, que se adica á modernización de carros de combate; e o BSCH ten un 42,50% da Unión Española de Explosivos, que anda no negocio das bombas de acio. As conexións bancos-armas son infinitas.

Mais tamén entre os Estados e as armas. A industria do militar non fixo máis que medrar dende o 11-S, e hoxe é un negocio gorentoso e con moito futuro. Tan só o Estado español, vendeu en 2006 845 millóns de euros –o dobre que o ano anterior e seis veces máis que no ano 2000– en "material de defensa". E o que é peor, moitas destas vendas chegaron a países en conflicto ou onde as ONG –Intermon Oxfam, Greenpeace e Anmistía Internacional– denuncian graves violacións dos dereitos humanos, como Israel, China, Colombia, Emiratos Árabes, Marrocos e Indonesia. España vendeu por exemplo vehículos de combate para Marrocos –máis de tres millóns de venta de material militar entre 2002 y 2005, incluíndo substancias químicas, bombas e mísiles– e materiais e equipos nucleares de dobre uso a China –entre outros produtos incluídos nos 25 millóns de euros de armas vendidos ao país asiático no mesmo período. Segundo Ricardo Magán, de Oxfam, "A falta de control tamén se nota en África subsahariana, onde España ocupa o primeiro lugar como exportador de munición, cun volume dúas veces superior ao de Francia e tres veces maior que o de Estados Unidos en 2005. Ghana, onde o ano pasado se exportaron un total de 3,2 millóns de euros, é o principal destinatario de municións de fábricas españolas. Este comercio non está suxeito a control nin aparece nas estatísticas oficiais. Para o Goberno trátase en exclusiva de material de "caza e tiro". O presidente de Cáritas Camboia, Enrique Figaredo, di ao respecto: "España non é ningunha irmanciña da caridade. Está comercializando armas que levan ao deterioro da paz en países onde a sociedade é débil e a democracia non existe ou é moi inestábel, de xeito que di que colabora coa paz mentres as armas lixeiras véndense sen control. É moi triste. Este país non poderá dicir que está colaborando coa paz, porque está facendo diñeiro coas armas."

> ESPAÑA NON É UNHA IRMANCIÑA DA CARIDADE, ESTÁ COMERCIALIZANDO ARMAS QUE LEVAN AO DETERIORO DA PAZ EN MOITOS PAÍSES

Esas mesmas ONG acusan ao goberno de ter unha lei que é un coador e de achegar datos nada transparentes. En decembro de 2006 aprobouse no Consello de Ministros un Proxecto de Lei de Comercio Exterior de Material de Defensa e Dobre Uso, que logo de tantos meses aínda está en trámites parlamentares, e que suporá algúns –disque mínimos– avances.

Pero o mundo é moi grande. E aí é onde entra a ONU, que non hai moito aprobou unha resolución a favor de iniciar o proceso para lograr un Tratado Internacional de Armas. E que non hai? Pois si, algúns controis hai, pero moitas empresas, sobre todo de EUA, da UE e de Canadá, canean as normas, por exemplo vendendo armas por pezas e subcontratando a súa fabricación polo mundo adiante. Como din os de Oxfam: "Europa e Norteamérica están a converterse no IKEA do sector de armamento". Por iso, mentres as cousas non se fagan máis en serio, as iniciativas concretas como a da campaña contra o BBVA, orientadas á concienciación das persoas, parecen ser o único camiño. ●

+ INFO: www.bbvasinarmas.org



WWW.CONTROLARMS.ORG

ARMAS BAIXO CONTROL

control arms

"A situación atópase nun punto moi crítico. Hai millóns de armas en circulación e poden atoparse practicamente en calquera recuncho do mundo. A miúdo utilízanse para cometer flagrantes violacións dos dereitos humanos e millóns de persoas están a sufrir as consecuencias. Os gobernos teñen a obriga de protexer aos seus cidadáns dentro das súas fronteiras, pero tamén de facer todo o posíbel para previr a vulneración dos dereitos humanos e os crimes de guerra noutros países."

Con este parágrafo presentouse xa hai un tempo a campaña ARMAS BAIXO CONTROL, da que dan conta Anmistía Internacional, Iansa e Oxfam, e que pretende influír nos gobernos e nos organismos internacionais para controlar a proliferación de armas e o abuso delas de xeito efectivo. Entre as súas demandas está o antedito Tratado Internacional sobre Comercio de Armas, que obrigará aos gobernos asinantes –80 foron xa consultados pola ONU– a controlar as súas transferencias de armas de acordo cos principios dos Dereitos Humanos e o Dereito Internacional Humanitario.

A campaña está tamén a organizar, en máis de 60 países, consultas populares nas que os afectados polo comercio de armas poden expresar as súas opinións sobre o que o tratado debería incluír. En outubro presentaranse os resultados destas consultas ao Secretario Xeral das Nacións Unidas, Ban Ki-Moon, para que actúe ao respecto.

+ INFO: www.controlarms.org



IMITANDO Á NATUREZA PARA VIVIR CON ELA

A opción da PermaCultura como proposta real para alcanzar un novo modelo social, verdadeiramente xusto e sustentábel



ANTONIO PALMA RICO
Deseñador de PermaCultura

Xa hai máis de 30 anos que os australianos Bill Mollison e David Holmgren cuñaron o concepto de PermaCultura como unha ciencia de deseño ecolóxico para crear sistemas eficientes, produtivos e auto-sostíbeis, que sirvan a comunidades humanas e evolucionen cara unha relación dinámica e rexenerativa co entorno. A PermaCultura trata logo de valores éticos e visións, deseños e sistemas de manexo baseados nun entendemento holístico, especialmente no noso coñecemento e sabedoría biorexional e psicolóxico-social.

A PermaCultura reflicte a evolución continua dos nosos sistemas de pensamento, que están hogano influenciados polos retos das persoas interesadas na ética científica, no pensamento holístico, no sentido de lugar, tradición e cultura, na sustentabilidade, no comunalismo, na espiritualidade e nos sistemas de coñecemento e cosmoloxía dos pobos orixinarios. A proposta espállase daquela moito máis lonxe de só sistemas de produción de alimentos e da restauración da natureza. Formúlase como unha alternativa real fronte aos retos ambientais dos vindeiros anos e as esixencias da globalización económica.

Hai máis que unha minoría de persoas e grupos que senten con firmeza que está preparado o escenario para establecer a diferencia coa proposta da PermaCultura como alternativa. Neste momento existe unha base práctica duramente lograda en moitos países do mundo, amosando experiencias contrastadas de proxectos desenvolvidos, contidos formativos e educativos sólidos establecidos a nivel global e propostas de formulación de plans de axuda ao desenvolvemento baseados en criterios éticos e ecolóxicos. Pártese logo dunha posición única para se mover cara o centro do escenario e asumir a autoridade baseada no mérito das habilidades comprobadas.

ANTONIO PALMA



Curso de PermaCultura en Taquián (Pantón, Lugo)

> A PERMACULTURA ESTÁ MOI INFLUENCIADA POLOS COÑECEMENTOS ADQUIRIDOS POLOS POBOS ORIXINARIOS DE TODO O PLANETA

Segundo David Suzuki, profesor de Xenética da Universidade de British Columbia e gañador do Premio Kalinga para a Ciencia da UNESCO: "O que @s permacultor@s están a facer é a actividade máis importante que ningún grupo estea a facer no planeta. Non sabemos cales van a ser os detalles dun futuro realmente sostíbel, pero necesitamos opcións, necesitamos persoas experimentando todos os tipos de formas, e @s permacultor@s son un dos grupos cruciais que o están a facer.

No noso país, a PermaCultura está a piques de se presentar. Durante o primeiro semestre deste ano realizouse o primeiro Curso de Certificado de Deseño en PermaCultura. A finca ecolóxica Tanquián, en Pantón (Lugo), foi un magnifico marco para acoller a formación de novas axentes comprometidas co cambio real na nosa terra. Galiza amósase como un territorio privilexiado para o desenvolvemento de proxectos deste tipo e todas as iniciativas de recuperación do territorio e de establecemento de proxectos sostíbeis, conflúen nestes momentos coa proposta sólida da PermaCultura. As sementes xa están na leira, necesitamos máis, necesitamos que medren e ofrezan froitos de esperanza e sostibilidade. Galiza merece unha oportunidade que lle devolva a identidade e que reflicta axeitadamente o seu enorme valor histórico, cultural e ecolóxico.

Está a acontecer un cambio profundo nas estruturas de pensamento e xestión da realidade que coñecemos e que damos por feita, sólida e apoiada cientificamente. Que non o queira ver está fóra do tempo e da realidade. Ofrécese un cambio real, pero ten que ser no interior das persoas, das comunidades, dos pobos, das nacións… As excluídas desta historia son sempre as mesmas, o propio Planeta Gaia e a raza humana, que non deixa ver que é a única capaz de reconducir o seu destino cara unha sociedade sostíbel e comprometida co seu futuro. ●

+INFO
permaculturagaliza@yahoo.es
http://tech.groups.yahoo.com/group/permaculturagaliza/

ANTONIO PALMA

Profesional do audiovisual e da comunicación. Coordinador do grupo de PermaCultura en Galicia, Monitor de Educación Ambiental e Certificado de PermaCultura no Instituto Arxentino de Permacultura. Colabora con distintas ONGDs galegas e publica artigos en *EcoHabitar* e *PuebloNuevo*.

> É UNHA REDE, UN MOVEMENTO DE GRUPOS E PERSOAS QUE TRABALLA CARA Á SUSTENTABILIDADE EN PAÍSES RICOS E POBRES DE TODOS OS CONTINENTES



A PERMACULTURA SEGUNDO DAVID HOLMGREN

Para a PermaCultura son fundamentais as persoas, a vivenda e a comunidade. Por isto na visión da PermaCultura, tense evolucionado dunha agricultura –sostíbel– permanente cara unha cultura –sostíbel– permanente.

Máis precisamente, a PermaCultura é un "sistema de deseño baseado nos principios da ecoloxía" que proporciona o marco organizativo para realizar a visión antes descrita. Neste importante pero máis limitado sentido, reúne as distintas habilidades e formas de vivir que necesitan ser redescubertas e desenvolvidas para que podamos nos transformar de consumidores dependentes a produtores responsábeis. A PermaCultura non é o territorio, nin as habilidades en horticultura ecolóxica, os edificios enerxeticamente eficientes ou o desenvolvemento de Ecoaldeas como tales; pero podese usar para deseñar, establecer, xestionar e mellorar estes e todos os demais esforzos realizados por persoas, familias e comunidades cara unha nova sociedade nun futuro sostíbel.

A PermaCultura é tamén unha rede mundial e un movemento de grupos e persoas que traballan en países ricos e pobres de todos os continentes, que están a reorganizar as súas vidas e os seus traballos ao redor dos principios de deseño da PermaCultura, na maior parte sen soporte algún de parte de gobernos ou empresas. Deste xeito, estanse a crear pequenos cambios locais que están a afectar directa e indirectamente nas actuacións no medio ambiente en xeral, na procura dunha tecnoloxía máis axeitada, na creación de comunidades, no deseño de economías sostíbeis e noutros movementos sociais. ●

[Tirado de *Permaculture: principles and pathways beyond sustainability*. Holmgren Design Press, 2003]



BIOCOMBUSTIBLES E PREZOS ALIMENTARIOS



MARTIÑO-FIZ LÓPEZ
Biólogo

Neste mes de xullo de 2007 a OCDE e a FAO no seu estudo "Perspectivas Agrícolas 2007-2016" advirten da suba xeneralizada dos prezos agrícolas orixinada principalmente pola forte demanda de insumos para a fabricación de biocombustibles.

O bioetanol para misturar coa gasolina e o biodiesel para gasoil constitúen o principal factor que causa unha forte demanda de productos agrícolas. Na situación actual a demanda está aumentando por riba da oferta e as perspectivas de apertura de novas plantas de biocombustibles en todo o mundo indican que vai continuar esta tendencia xeral.

En Brasil está prevista a apertura dunha nova planta de biocombustibles ao mes até o ano 2010. En Estados Unidos os maiores incrementos protagonízanos os estados do chamado cinturón do millo. Son estados nos que o principal cultivo agrícola é o millo. Un exemplo disto é o estado de Ilinois, según a Illinois Environmental Protection Agency hai 64 permisos concendidos ou en tramitación, tan só para plantas de bioetanol. No ano 2000 só había 4 plantas de bioetanol neste estado. Isto ocasiona unha cadea de acontecementos que o devandito informe da OCDE e a FAO cualifican como "cambios estruturais a longo prazo" que poderían "manter bastante alto o prezo nominal de moitos productos agrícolas na próxima década" nomeadamente dos grans e dos productos lácteos.

OS BIOCOMBUSTIBLES VAN DISPARAR, ENTRE OUTROS, OS PREZOS DE GRANS E PRODUTOS LÁCTEOS

ROBERT MOONEY



Precisamente no estado de Illinois sitúase a sé da CBOT ou Bolsa de Comercio de Chicago. Esta bolsa constitúe o principal punto de transacción dos "contratos de futuros" dos productos agrícolas de todo o mundo. Os contratos de futuros implican a compra ou venda de mercadorías ou valores nunha data futura e determinada a un prezo establecido de antemán, e constitúen a principal forma de comercialización dos productos agrícolas. Deste xeito o millo no CBOT incrementou o seu prezo de Febreiro de 2006 a Febreiro de 2007 un 83%.

O porqué do repentino interés de moitos gobernos polos biocombustibles está orixinado polos altos prezos do crú de petróleo. A demanda de petróleo increméntase cada ano en 1.5 millóns de barriles diarios aproximadamente e os novos xacementos son cada vez máis escasos e difíciles de explotar. Estes prezos acrecentados pola especulación que se efectúa diariamente nos mercados bursátiles xunto coas políticas de subsidios agrícolas incrementan a competitividade da produción de biocombustibles.

O cinturón do millo americano constitúe a principal zona exportadora do produto no mundo. A utilización do millo para producir alcohol carburante limitou as exportacións do que é o principal producto alimenticio do gando a nível mundial.

A partir deste momento comeza unha cadea de acontecementos que leva á suba xeneralizada dos productos agrícolas e finalmente dos alimentos. Este contaxio ocorre por diversos mecanismos: A busca de productos agrícolas máis baratos que o millo aumenta a demanda doutros cultivos, como por exemplo a soia, a produción masiva de biocombustibles a partir doutros produtos agrícolas como palmeira de aceite, colza, trigo, etc, aumenta a demanda en canto comezan a funcionar as novas plantas de produción, e por outra banda os altos prezos fan que se planten maiores superficies de millo e menos doutros cultivos. As repercusións chegan tamén até Galiza, onde a Asociación de panadeiros, Fegapan, advertiu, neste mes de agosto, do incremento dos custes para elaboración do pan. Finalmente a globalización económica ocasiona tamén a globalización dos problemas ambientais e sociais. ●

SOBRE O AUTOR

Martiño-Fiz López Lindoso é biólogo ambiental e Coordinador Organizativo da Asociación pola Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA). Máis información: www.adega.info


LEMBRANDO A THOMAS SANKARA

Teñen os ollos de Thomas Sankara un aceno de grande sabedoría no que deixar días enteiros na lembranza do seu legado. É co gallo do vixésimo cabodano do revolucionario burkinabé Thomas Sankara que semella máis necesario ca nunca aprofundar sobre a traxectoria deste esquecido líder.


Nacido no seo dunha familia cristiana do antigo Alto Volta –hogano Burkina Faso–, Sankara pensara na súa mocidade ordearse sacerdote, pero a desastrosa realidade do país obrigouno a ingresar no exército. Dentro da súa formación militar, viaxa a Madagascar, onde se aliña coas diferentes loitas nacionais malgaches. É por iso, que inspirado nesas revoltas funda o Grupo de Oficiais Comunistas do Alto Volta.

No seu regreso a Burkina Faso é engaiolado polo rexime de Ouedraogo. Á saída de prisión, Sankara era xa coñecido polo seu voluntarismo na axuda contra as secas e na loita contra a corrupción, fito que lle axuda a dar o coñecido como Golpe dos Capitáns (1983) no que accede á xefatura do goberno.

Á súa chegada ao poder comeza unha longa loita polo cambio social de Burkina Faso, baseado nun forte anticolonialismo. Sankara foi ideólogo dunha chea de medidas nacionalitarias orientadas a reatopar a verdadeira ánima do pobo burkinabé. Cambiou o hino oficial e o nome do país para lingua africana –Burkina Faso, Terra dos Homes Íntegros–. Fixo amplas campañas de vacinación. Iniciou unha loita contra a desertización do país cun meditado proceso de repoboación forestal. Construiu un grande número de hospitais e escolas nun país onde o 82% da pobación era analfabeta e onde Sankara acadou que a cota de alfabetización superara á de analfabetos. Liquidou os fortes impostos agrícolas para encetar unha reforma agraria que dotara de autosuficiencia alimentaria ao país. Creou tribunais populares que loitaron contra o caciquismo e a corrupción. Burkina Faso convertiuse no primeiro país da África Subsahariana que potenciou a liberación da muller, atacou a tendencia poligámica e prohibiu a ablación. Comprometeu ao goberno en dotar a cada burkinabé de dúas comidas ao día e 10 litros de auga. Suprimiu os poderes dos xefes tribais. Creou os Comités de Defensa da Revolución que artellaron un novo poder no Estado, lonxe dos ollos dos militares. E para fechar a enumeración, Burkina Faso foi o primeiro país africano en ter un Plano Integral de Control da SIDA.



AMAUTA CASTRO
Comité Internacional do Ano Sankara



Pero todo foi inútil, porque o 15 de outubro de 1987, tras 4 anos de goberno revolucionario, Blaise Compaoré –antigo compañeiro de Sankara– lidera un golpe de estado contra o Presidente. Tralo complot Sankara é asasinado.

Anos depois, un grupo de avogados agrupados baixo o nome de Xustiza para Sankara e con sé en Montreal, presentaron unha demanda ante a Comisión de Dereitos Humanos da ONU. Demanda na que se culpaba ao actual goberno burkinabé –que desde 1987 preside Compaoré– do asasinato de Sankara. A ONU resolveu favorabelmente ás pretensións de Xustiza para Sankara, impoñendo ao goberno de Compaoré unha serie de medidas aínda incumplidas polo executivo burkinabé:

- Indicar o lugar exacto da morte de Sankara.
- Modificación da acta de defunción de Sankara, onde se apunta que a súa morte foi "por causas naturais".
- Iniciar un procedemento xudicial para resolver as causas do asasinato de Sankara.
- Esixir ao goberno de Burkina Faso unha democratización do Estado.
- Indemnización para a viúva e os fillos de Sankara.

CON SANKARA, BURKINA FASO FOI O PRIMEIRO PAÍS AFRICANO CUN PLANO INTEGRAL DE CONTROL DA SIDA

Diante dos case 20 anos da súa morte, intelectuais de diferentes países estanse a mobilizar pola recuperación da figura do Capitán Sankara. Nós, cidadáns de terras asolagadas pola furia dos imperios debemos ser ponte de irmandade co pobo burkinabé e coa figura deste Capitán de África, que ao modo doutros –Cabral, Neto, Nasser…–, é pedra angular dos comezos redentores da rebeldía.

Atrevámonos a inventar o porvir! ●

SOBRE O AUTOR


Galego, residente en Cataluña. Membro do Comité Internacional do Ano Sankara 2007 no Estado Español. Ten colaborado na edición barcelonesa de Vieiros, e mantén desde hai un ano o blog "Palabras de Amauta" (amautacastro.blogspot.com) onde publica tamén composicións poéticas propias.



DICIONARIO DO ALTERMUNDO




AXCS *Acordo Xeral sobre o Comercio dos Servizos* (en inglés, GATS) da OMC. Unha das ameazas máis graves da globalización. Pretende regular, ou privatizar, o sector de servizos a nivel mundial. Agrupa a 160 subsectores e actividades: telecomunicacións e tecnoloxías da información, ambientais (augas, lixo, protección da paisaxe...) enerxía, turismo, educación, sanidade, cultura, transportes, servizos bancarios e financeiros... Leva a unha liberalización progresiva que incluirá até os servizos máis básicos. Nos documentos, por exemplo, o Salario Mínimo e a Seguridade Social son tratados polos negociadores como "atrancos técnicos ao comercio". **+INFO**: horsagcslogo.chez-alice.fr



APEC *Foro de Cooperación Económica Asia-Pacífico*. Fundado en en 1989, trata temas relacionados co intercambio comercial, coordinación económica e cooperación entre os seus integrantes, actualmente 21 países da conca do Océano Pacífico, dende Australia a Brunei, Canadá, Indonesia, Malaísia, Chile, México ou Nova Guinea. Pretenden, en 2020, crear a máis importante zona de libre circulación de bens do mundo, pois agrupan o 56% da produción mundial e o 46% do comercio global. **+INFO**: www.apecsec.org.sg

QUEN É... JOSÉ BOVÉ



José Bové (Talence, Francia, 1953) é un sindicalista francés que provén do sector agrícola, activista moi relevante do altermundismo e voceiro da organización agraria internacional *Via Campesiña*. Bové comezou a ser coñecido pola seu activismo antimilitarista non violento, que lle levaría a ocupar terras na gran protesta contra a ampliación dun campamento militar en Larzac na década de 1970, loita que durou 11 anos. En 1981 funda o sindicato de campesiños (CNSTP) no Aveyron e en 1987 participa na creación do sindicato *Confédération paysanne* que logo englobaría na Vía Campesiña, a Internacional labrega que loita contra as liberalizacións da OMC. Dende entón as súas loitas activas, coa desobediencia civil por bandeira, abranguen dende as inxustizas do comercio internacional, aos transxénicos, a soberanía alimentaria ou a ocupación de Palestina. O asalto simbólico dun establecemento en construción de McDonald's na periferia de Millau (1999), en protesta pola importación de carnes hormonadas, tivo gran repercusión mundial. Foi candidato á presidencia francesa en 2007. ●

CAMPAÑA



CALVO: ENLATANDO ATÚN E TRABALLADORES?

OS SINDICATOS DENUNCIAN QUE A EMPRESA DE CONSERVAS CALVO NO SALVADOR SOMETE AOS TRABALLADORES AO DETECTOR DE MENTIRAS

Segundo a UITA –Unión Internacional de Traballadores da Alimentación– e o SGTIPAC, sindicato dos traballadores da conserveira española CALVO no Salvador, a empresa está levando adiante unha política laboral fóra de toda ética e legalidade, que atenta contra os dereitos humanos. Logo de ameazar con abandonar o país se este non ratificaba catro dos convenios da OIT –o que lle permitiría exportar á UE con arancel cero– cousa que logrou, agora impide que os seus traballadores se amparen neses convenios para constituír o seu sindicato.


Malia que os antecedentes –que inclúen despedimentos en masa de traballadores que protestan, accidentes laborais graves e trato vexatorio aos empregados– xa son suficientes para espertar un enérxico rexeitamento aos procedementos da empresa, agora súmase un novo e grave elemento: CALVO está obrigando aos seus traballadores e traballadoras a sometérense a probas de polígrafo e entre outras cousas pregúntalles se está afiliado ao sindicato ou que opinión ten dos sindicalistas que actúan na empresa.

Segundo Gustavo Duch, director de Veterinarios sen Fronteiras: "CALVO é líder en España con 25 por cento do mercado de atún e a cuarta atuneira a escala mundial. En 2005 facturou 350 millóns de euros e posúe plantas de produción en España, Italia, Brasil e O Salvador, pero neste último país os modelos de xestión son ben diferentes ó resto. Di que lles paga ós traballadores o salario mínimo pero iso parece só se alcanza se realizan xornadas intensas ou xornadas nocturnas de 11 horas. (…) Con CALVO temos outro lamentable exemplo das prácticas dalgunhas transnacionais que buscan nos países empobrecidos e con regulacións máis flexibles explotar a súa forza laboral e os seus recursos naturais, disfrazándoo como exemplos de investimento estranxeiro que xeran postos de traballo e riqueza".

A campaña de solidariedade "Terminar cos abusos, prepotencia e impunidade de CALVO no Salvador" pide entre outras cousas a restitución ao seu posto dos moitos directivos sindicais despedidos ilegalmente, o cese das prácticas de intimidación contra traballadores e o establecemento dun diálogo para tratar os problemas laborais. ●
+INFO: www.rel-uita.org



O QUE LER



Rafael Carrasco, Miguel Jara e Joaquín Vidal
CONSPIRACIONES TÓXICAS
Como atentan contra nuestra salud y el medio ambiente los grupos empresariales

mr-ediciones, 2007
ISBN 978-84-270-3363-4

O accidente do *Prestige*, que provocou unha das maiores catástrofes que asolaron Galicia, puido terse evitado de ter existido unha lexislación que tivese como obxectivo prioritario á defensa da natureza; unha sensibilidade ecolóxica que, por outra banda, tería como obxectivos prioritarios a loita eficaz contra os incendios, contra a contaminación ambiental, contra o feísmo arquitectónico e o caos urbanístico e a defensa dos espazos naturais que se conservaron intactos ao longo dos séculos. Agora ben, ¿cal é a razón pola que a cidadanía se atopa tan claramente indefensa fronte a esas prácticas tan destrutivas co medio ambiente e tan prexudiciais para a nosa saúde?

A razón, segundo explican Rafael Carrasco, Miguel Jara e Joaquín Vidal no libro *Conspiraciones tóxicas: cómo atentan contra nuestra salud y el medio ambiente los grupos empresariales* (2007), reside fundamentalmente no feito de que a política medioambiental está moi influenciada por lobbies que teñen unha gran capacidade para presionar sobre os nosos representantes políticos e sobre os axentes que teñen capacidade para influír neses mesmos representantes.
Un libro que debe ler xunto a estoutro libro: *Traficantes de salud: cómo nos venden medicamentos peligrosos y juegan con la enfermedad* (Icaria, 2007), tamén de Miguel Jara, no que nos mostra de que xeito os intereses económicos dun feixe de grandes corporacións farmacéuticas se antepoñen a nosa saúde. ● **Alfredo Iglesias Diéguez**

REDE DE REDES



VÍA CAMPESIÑA [viacampesina.org]
Portal do meirande movemento internacional de campesiños e campesiñas, pequenos e medianos produtores, mulleres rurais, indíxenas, traballadores rurais migrantes, xente sen terra, etc. Fórmana organizacións de 56 países de Asia, África, Europa e América. A súa web é unha das mellores fontes de información sobre o activismo contra as negociacións da OMC, G8 e outras institucións internacionais. Centradas sempre ao redor da soberanía alimentaria, o desenvolvemento e a pluralidade dos pobos, as súas actividades abranguen centos de mobilizacións a nivel mundial. ●

WILSON DIAS/ABR



No V Congreso celebrado o pasado xuño en Brasilia o MST declárase como un movemento socialista

VALTER CAMPANATO/ABR



Casa camponesa nun 'assentamento' do MST

"Não podemos seguir com esse modelo do agronegócio, que entrega nossas terras às empresas transnacionais, expulsa o povo do campo, destrói o meio ambiente, impõe os transgênicos e os agrotóxicos. O novo modelo agrícola que defendemos está vinculado a um projeto de desenvolvimento, com base na defesa da soberania popular, e em um novo modelo econômico, que tenha como centro o fortalecimento do mercado interno, a distribuição de renda, a indústria nacional para sustentar a geração de emprego e renda para o povo. A questão é que o presidente Lula da Silva está em dívida com o MST e com os camponeses de todo o Brasil, porque seu governo não fez a Reforma Agrária. Ao contrário, a concentração da propriedade da terra aumentou.

João Pedro Stedile
Membro da Coordinación Nacional do MST

UNHA LOITA POLA DIGNIDADE

O 'movimento' dos e das Sem Terra no Brasil



EVA Mª GIL RODRÍGUEZ
Área de Educación para o Desenvolvemento de Amarante

Milleiros de hectáreas en mans duns poucos facendeiros, enormes extensións de eucaliptos e cana de azucre, rexímes de escravitude en pleno século XXI, transnacionais que non respectan os Dereitos Humanos… Esta é a realidade coa que se atopan día a día as brasileiras e os brasileiros, realidade que o Movimento dos Trabalhadores Rurais Sem Terra –MST– tenta mudar. E para entender como funciona o MST debemos preguntarnos antes, cando menos, que queremos saber.

Que supuxo a *Encrucijada do Natalino*?
A *Encrucijada do Natalino*, no estado brasileiro de Rio Grande do Sul e durante a ditadura militar, foi unhas das primeiras ocupacións antes da creación do MST, que estivo apoiada en todo momento pola Comisión Pastoral da Terra –CPT–, sección progresista da igrexa católica.

Esta primeira ocupación de terra sucedeu en 1979 e serviu de pulo tanto para outras ocupacións, como para xerar o debate que máis adiante daría como resultado o nacemento do MST.

En 1984, no estado do Paraná, ten lugar o primeiro encontro do MST, xuntanza que marca o seu inicio oficial e separación formal da CPT. Este afastamento da igrexa é froito da procura de autonomía, que define en boa parte ó movimento, e que non significa que non continúen a traballar conxuntamente por unha sociedade máis xusta e igualitaria.

Por que reclaman a terra?
Brasil, con 27 estados, é o quinto país en extensión do mundo, mais o 50% da terra está en mans do 1% da poboación. Este é un dos motivos fundamentais polos que os movementos sociais piden a realización da reforma agraria e o reparto da terra, dous dos obxectivos do 'Movimento'. Para alcanzar estes obxectivos baséanse nos artigos 184 e 186 da Constitución de 1988 do Brasil. Nestes artigos dise que toda terra debe cumprir unha función social, é dicir, non pode ficar improdutiva e debe respectar a lexislación de traballo e o medio ambiente.

Tendo en conta as grandes hectáreas de monocultivo que existen, as condicións de escravitude nas que se atopan moitos traballadores e traballadoras do rural e a falta de produtividade da terra, é doado imaxinar que son moitas as áreas que non cumpren coa lexislación e que polo tanto son susceptibles de seren expropiadas. O 'Fronte da Masa' –un dos sectores do MST–, adica os seus esforzos a detectar estas áreas de terra e posteriormente a organizar a ocupación das mesmas. No momento en que se producen estas ocupacións as familias montan barracas de lona, que lle servirán de fogar, e comezan a se organizar como 'acampamento', sendo un dos primeiros pasos o levantamento dunha escola.

NO BRASIL O 50% DA TERRA ESTÁ EN MANS DO 1% DA POBOACIÓN

Que acontece logo do 'acampamento'?
A terra pasa a mans das camponesas e dos camponeses acampados unha vez é expropiada, despois de negociar co INCRA –Instituto Nacional de Colonização e Reforma Agrária– durante a fase de acampamento. Unha vez se expropia, a terra é traballada en usufruto polas persoas acampadas. O de seren usufrutarias significa que poden facer uso dela, pero nunca vendela, nen alugala e sobre todo non a poden manter de ningún xeito improdutiva.

Ó dar o paso de 'acampadas' a 'asentadas' é común solicitar ó goberno o crédito rural 'Procera' co que poden construír as casas e comezar os labores de cultivo.

O seguinte paso é decidir o modelo de produción, que pode ser individual ou comunitario –en forma de cooperativas ou asociacións. O 'Movimento' fomenta que sexa de xeito comunitario, xa que a experiencia lles di que a mellor forma de traballar é creando cooperativas, pero as asembleas dos 'assentamentos' teñen a última palabra.

Tendo en conta que moitas das novas asentadas e asentados proveñen do medio urbano –case sempre de favelas– asisten a formacións agrícolas, nas que se fai fincapé na necesidade de utilizar os terreos de forma sostible, libres de transxénicos e priorizando a autosubsistencia.

Como toman as decisións?
O que serve de guía para a organización interna do 'movimento', é o terceiro gran obxectivo do MST, a transformación social. Como din elas e eles, o 'movimento' non é nin vertical, nin horizontal, senón piramidal. Este é o xeito de organización ó que teñen chegado despois de 23 anos de historia e que se asemella bastante a unha metodoloxía horizontal, dentro das dificultades que conleva ser un 'movimento' formado por centos de miles de familias e que está presente en 24 dos 27 estados do Brasil.

É complicado explicar en poucas liñas a organización interna do MST, pero para facernos unha idea, podemos dicir que se estruturan en coordinacións, que van dende os núcleos de base –formados por 10 familias– ó Congreso Nacional –un representante de cada núcleo de base–, pasando por coordinacións rexionais. É importante salientar que cada núcleo de base conta con dous coordinadores, un home e unha muller, para asegurar así a participación das mulleres.

O MST GARANTE QUE NO DOCUMENTO DE CONCESIÓN DO USO DA TERRA APAREZAN TANTO O NOME DO HOME COMO O DA MULLER

Cal é o papel da muller dentro do 'Movimento'?
Ó igual que no resto de países do planeta, a situación da muller no Brasil continúa a ser unha cuestión de segunda orde. Desigualdades sociais, prostitución agravada polo turismo sexual e violencia de xénero, son algunhas das problemáticas que sofren as brasileiras. Diante desta realidade, no ano 1999, o MST decide crear o sector de xénero. Entre os obxectivos deste sector destacan o de garantir que no documento de concesión de uso da terra apareza o nome tanto do home como da muller, asegurar a capacitación e formación das mulleres e combater a violencia de xénero. Malia os esforzos que se fan dende o 'Movimento' para que se cumpran estes obxectivos, é aínda moi longo o camiño a percorrer para conseguir que a muller alcance os mesmos dereitos có home, xa que este é un problema estrutural que só dende a base podemos solucionar.

Que importancia ten a educación?
Alén da agricultura, a educación é o tema máis importante dentro do 'Movimento'.

O pedagogo brasileiro Paulo Freire di: "Ningunha 'orde' opresora soportaría que os oprimidos comezasen a dicir: Por que?"[1] O MST loita para que todo o mundo teña a formación necesaria para dicir "por que?" Nestes intres son 2000 as escolas de ensino fundamental creadas polo MST e 17.500 adultas e adultos en proceso de alfabetización. A educación dentro dos 'acampamentos' e 'assentamentos' forma parte do cotiá e sobre todo parte da propia realidade. É unha escola na que o coñecemento non se transmite de educadora a educanda, senón que se contrúe entre todas.

Que están a facer neste intre?
Sen deixar de falar da educación, nestes intres están a dar conta da 'Campanha de Solidariedade ás Bibliotecas do MST'. Con ela pretenden recibir a doazón de libros, audiovisuais, mapas, etc, para así mellorar o estado das bibliotecas das escolas e crear Bibliotecas Populares nos 'assentamentos'.

Por outro lado, na carta resultante do 5º Congreso Nacional, que celebraron no mes de xuño en Brasilia, aparecen reflectidos algúns dos principais temas de loita: combater ás empresas transnacionais, esixir o fin inmediato do traballo escravo, loitar por un límite máximo do tamaño da terra ou pelexar para que a produción dos agrocombustibles esté baixo o control das camponesas e dos camponeses.

Parécenos importante salientar este último punto, o control dos agrocombustibles, xa que serán os países do sur os grandes afectados por este tipo de cultivo, mentres os países do norte e as transnacionais se benefician do negocio. Según Eric Holtz-Giménez nun artigo para *Le Monde Diplomatique* –edición española, xuño de 2007–, Europa pretende para o 2010 cubrir un 5,75% dos seus combustibles con materia derivada do agronegocio, mentras Brasil quere multiplicar por cinco a superficie adicada á producción de cana de azucre. ●

[1] PAULO FREIRE(1992): *Pedagogía del oprimido*. Siglo XXI de España Editores. Madrid

JOANIR RICARDO



Acampamento en Alagoas

AMARANTE



Escola do MST

ANTONIO CRUZ/ABR



Pés de maracuiá no 'assentamento' Menino Jesus

VIRGU / VITOR SÁ



Marcha Nacional pola reforma Agraria do MST en 2005



AMARANTE E O MST

• O MST precisa de apoios internacionais que por unha banda den a coñecer á sociedade o traballo do 'Movimento' e pola outra denuncien as numerosas inxustizas que se producen a diario. Amarante é unha das organizacións que trata de prestar este apoio, denunciando, respostando a campañas de solidariedade e colaborando con proxectos de cooperación internacional. Para que estes apoios sexan algo máis que unha mera relación de organización a organización, creáronse as redes de apoio estatal e europea, que abranguen a todas as organizacións que manteñen un contacto continuo co Movimento dos e das Sem Terra.

+ INFORMACIÓN:
www.mst.org.br
www.brasildefato.com.br
www.paulofreire.org
www.amaranteong.org

SAMI NAÏR Catedrático de Ciencias Políticas na Universidade París VIII

América Latina: responsabilidades e retos contra o imperialismo e a globalización

O PROBLEMA É QUE NON HAI UN ACORDO ENTRE PAÍSES LATINOAMERICANOS PARA PODEREN SUSCITAR UNHA ALTERNATIVA FRONTE Á MUNDIALIZACIÓN LIBERAL

Realizada e transcrita para **Altermundo** por Catherine Hernández, de **Radio Guiniguada** (www.radioguiniguada.com) FM 105.9, das Palmas de Gran Canaria.



Partindo de que América Latina é un subcontinente heteroxéneo, cabe dicir, con todo, que parecen debuxarse grandes liñas comúns de resistencias e alternativas de carácter rexional.
Efectivamente é un continente moi heteroxéneo pero ao mesmo tempo hai unha condición histórica e un porvir común dos pobos de América Latina

Hai quen di que en América Latina están en pugna dous grandes eixes: o eixe Monroe e o eixe Bolivariano; que percepción tes ti destas dúas liñas?
Ben, non sei se se pode falar de dous eixes, pois os intereses das nacións que hogano constitúen América Latina son á vez conxuntos, semellantes, pero tamén hai contradicións. Ademais hai unha diferenza fundamental entre as nacións de América Latina. Brasil ten un peso excepcional, cos seus intereses particulares. Constitúe en si mesmo un conxunto.

A doutrina Monroe foi a estratexia dos Estados Unidos –EUA– dende o século XIX; nunca renunciaron a practicala e puxérona en marcha a través dos réximes latinoamericanos favorábeis á súa política. Intentarono tanto a través das ditaduras militares –falo dos anos '50-'70, até a crise das ditaduras dos '80–, como logo a través dun xeito moito máis liberal. Pretendíase representar unha orientación democrática e, de feito érao, pero fundamentalmente non se presentaba ningunha alternativa real fronte ao poder dos EUA, á doutrina Monroe. A esencia desa doutrina é moi sinxela: asegurar a dominación dos EUA sobre o continente americano. É o núcleo da política imperial deste país.

HOXE A REVOLUCIÓN BOLIVARIANA DE VENEZUELA É UNHA ALTERNATIVA PARA SAÍR DO SISTEMA

Por outra banda, vimos o desenvolvemento de varios movementos sociais e políticos suscitando o problema do contido social da democracia, da loita en contra das desigualdades no seo do estado políticamente pluralista pero impotente a nivel social. Estes movementos desenvólvense, de xeito máis ou menos continuo, dende os anos '70-'90: movementos á vez de liberación nacional e democrática que se opuxeron á doutrina estadounidense. Intentaron atopar camiños novos para emancipar os pobos, e non só para emancipalos senón para dar a posibilidade aos pobos mesmos de emanciparse. Non sei se se pode falar dun eixe Bolivariano, pero o que si é certo é que a Revolución Bolivariana levada a cabo por Venezuela, polo presidente Chávez, hoxe representa unha alternativa, unha alternativa que evidentemente non se pode aplicar mecanicamente a todos os países de América Latina pero que constitúe unha saída posíbel do sistema, ou mellor, das redes de dominación tradicional que pesan e que encadean, non hai outra palabra, a América Latina desde o século XIX.

A situación non é doada, houbo durante os anos '60-'70 a alternativa castrista, e hoxe hai outra alternativa a ter en conta máis polo miúdo: a experiencia democrática dos países de América Latina, que representa algo novo.

Comentabas que se está a constituir unha alternativa para rachar co encadeamento a que foi sometida América Latina. No continente obsérvase unha fenda no sistema de globalización neoliberal, ou estamos aínda na liña de buscar fórmulas dentro dun modelo que combina distintos elementos?
É unha cuestión moi importante. Visto dende fóra existen todas as posibilidades para poder atopar unha alternativa. Primeiro porque hai en Brasil un poder "oficialmente" de esquerda pero –dígoo sen espírito crítico e sen querer polemizar con ninguén– paréceme que non se aproveita da oportunidade para crear unhas relacións novas de forzas fronte ao sistema económico globalizador, ao liberalismo salvaxe que está dominando a economía mundial hoxe. Brasil non o pode facer só por suposto, pero ten a posibilidade de crear un marco de encontro co resto dos países , porque Brasil é un continente. Vai ser neste século XXI unha das máis grandes potencias do mundo con India e Chinesa. Tamén hai outros países, Bolivia, Arxentina, Perú, Ecuador, que poden xogar un papel a carón de Venezuela.

O problema é que non hai un acordo estratéxico entre estes países para poder suscitar unha verdadeira estratexia alternativa fronte á mundialización liberal. Ademais, o corazón desa mundialización non se atopa hoxe en América Latina. O seu corazón é EUA, Europa, e cada vez máis China, que é un dos países máis liberais do planeta no sentido económico, aínda que políticamente é un país moi autoritario. China está a experimentar a liberalización do sistema económico mundial para o seu proveito. Acaba agora de superar a Alemaña, a máis importante potencia a nivel comercial do mundo, e atópase na terceira posición a nivel mundial. Este ano China tivo un crecemento de 11,3%, o que é absolutamente extraordinario, e ademais esta xogando un xogo moi interesante a nivel monetario porque non inviste só nos bonos do tesouro nos EUA senón cada vez máis no sistema bancario internacional.

Diría entón, que as condicións para que en América Latina puidésemos construír unha alternativa a esta mundialización existían, pero non funcionou. Que pasou nestes últimos anos? Unha cousa moi interesante é o que ocorreu en Arxentina, a crise que alí se viviu é importantísima porque demostrou que un país podía rachar co sistema económico internacional, obviamente pagándoo moi caro, cunha crise económica e financeira tremenda. Pero ao cabo, os arxentinos demostraron, logo de terse negado a reembolsar as débedas e a pagar ao FMI, que podían romper e reconstruír a súa economía. É moi difícil, pero o están a facer, e paréceme que con éxito. O exemplo arxentino demostra que se pode, cando os países teñen a vontade de facelo, rachar con este sistema económico e financeiro.

PERFIL

Sami Naïr (Tlemcen, Alxeria, 1946) é catedrático de Ciencias Políticas da Universidade París VIII. Profesor Invitado da Universidade Carlos III de Madrid e doutor en Filosofía Política e en Ciencias Humanas pola Universidade da Sorbona. Naturalizado francés, é especialista en movementos migratorios, creador do concepto de codesenvolvemento e unha das voces europeas que máis critican o sistema globalizador neoliberal. Asesor do goberno de Lionel Jospin de 1997 a 1999 e europarlamentario até 2004, é tamén vicepresidente dende 2001 do *Mouvement républicain et citoyen*. Escribiu numerosos artigos e libros de filosofía, economía, crítica literaria e ciencias políticas nas principais revistas académicas de Francia e doutros países. Asina con frecuencia artigos en *Lle Monde*, *Libération* ou *El País*. O seu último libro: *L'immigration est une chance, entre la peur et la raison* (Editions du Seuil, 2007).

Agora, non hai un acordo, iso é o máis importante. Non hai un acordo estratéxico entre os países da fronte anti-globalizadora para conseguir esta posición común, aínda que as condicións estruturais existen, pois tanto Bolivia como Venezuela e Ecuador, até Arxentina e Brasil, poden xuntos por en marcha estratexias comúns. Por que non se fai?, porque salvo Venezuela e se cadra Bolivia, o resto dos países de América Latina non queren correr o risco de rachar co sistema económico vixente a escala mundial.

Porque responder a este sistema de xeito illado en cada país é imposíbel.
É imposible. Necesítanse varias cousas: ter un proxecto común, poñerse de acordo sobre os medios, actuar xuntos, mobilizar ás organizacións sociais porque significa un enfrontamento moi agresivo que pode custar moito aos pobos. Necesítase unha mobilización permanente da poboación fronte á reacción, que será evidentemente moi dura, por parte dos partidarios da globalización liberal. Entón non é doado, pero hai que sementar a idea porque é a única solución. Agora, non digo que o método sexa unicamente un método de enfrontamento directo. Pódese atopar, e quizais nos países de América Latina van atopar nos vindeiros anos, un método para poder constituír grandes conxuntos comúns máis ou menos como a Unión Europea. Pero non deben repetir o erro dos europeos, construíndo o conxunto exclusivamente liberal que acaba de estoupar hoxe en día. Deben suscitar o problema do seu desenvolvemento, da democracia, da emancipación dos pobos desde a perspectiva social. Porque a xente pode chegar a identidades comúns cando, e sempre cando, hai intereses sociais comúns.

Neste sentido MERCOSUR non está a dar o resultado nesa liña de alianza.
MERCOSUR é un acordo comercial entre os países integrados nel, que pon vantaxes en común, pero que non transforma radicalmente o sistema comercial liberal. MERCOSUR non é unha "comunidade de pertenza", é unha "comunidade de intereses", o que é totalmente diferente. Cada un busca o seu propio interese.

Claro, porque as alianzas que se poden xestar poden perpetuar o modelo en América Latina ou poden facer propostas diferentes, caso que tamén se dá cando se fala da OMC e o papel que poden xogar países como China ou India, que dalgún xeito poderían reproducir o mesmo esquema de funcionamento que existe na actualidade
Hogano China non ten moitos intereses na transformación do sistema económico mundial, todo o contrario. Ten intereses particulares, defende estes intereses dentro da OMC, está poñendo en marcha unha estratexia moi agresiva a nivel mundial no eido do comercio, utilizando as leis do mercado liberal en proveito do seu propio sistema. India vaino a facer, e vaise converter na primeira potencia demográfica dentro de quince anos no mundo, superando a China, e tampouco India vai transformar as regras do sistema económico internacional. De todos os xeitos, na miña opinión, a crise deste sistema é unha cousa que pode ocorrer sobre todo nos países céntricos. No centro, agora estamos nunha situación na que os mecanismos deste sistema mundializado están en crise. O FMI ou o Banco Mundial non serven xa para nada ao sistema financeiro mundial; os mercados apoderáronse das economías e non os necesitan; son organizacións sen ningún interese hoxe. En realidade tiveron interese estes últimos trinta anos para recuperar o diñeiro investido. Hoxe os mercados financeiros internacionais non os necesitan porque queren xestionar eles mesmos este sistema internacional. A privatización do sistema económico mundial é algo novo e constitúe un xiro na historia da economía capitalista do século XX. Países como China e India, e até Brasil, van obxectivamente fortalecer este sistema, salvo que aconteza unha crise. A crise pode vir do sistema monetario, pode ser unha crise de confianza no dólar que segue baixando, pois moedas como o euro, o ien e o iuan, sobre todo o ien e o euro, non poden seguir sufrindo esa baixa estrutural do dólar que favorece as exportacións estadounidenses e provoca unha competición desleal no mercado mundial. Trátase dunha doenza latente do sistema financeiro internacional que constitúe un grave foco de crise. Pero non vexo nin á China nin á India utilizar os seus reservas en dólar activando e creando as condicións de superación desta crise. Até me pregunto se non se están aproveitando desta situación.

BRASIL VAI SER, NESTE SÉCULO XXI, UNHA DAS MÁIS GRANDES POTENCIAS CON CHINA E INDIA

MARCELLO CASAL JR./ABR



CHINA NON TEN INTERESE NINGÚN NA TRANSFORMACIÓN DO SISTEMA ECONÓMICO

GERALDI



O FMI OU O BANCO MUNDIAL NON SERVEN XA PARA NADA AO SISTEMA FINANCEIRO

BETHHOWE1



A visión que se ten dende Europa do que está a pasar en América Latina, segundo ti, por onde anda?
Primeiro paréceme que os europeos saben que América Latina constitúe un gran mercado, pero ao mesmo tempo actualmente non é un mercado máis importante que o europeo. Europa está moi centrada sobre o propio mercado Europeo, e aínda que hai acordos puntuais importantes, non hai unha estratexia real de investimento sólido no continente latinoamericano. Non hai toma de conciencia do interese económico deste continente, como tampouco hai a mesma conciencia perante, por exemplo, África subsahariana, até a África Branca, a do Magreb. Europa dedícase moito máis a cuestionar o seu mercado, a fortalecer as súas principais liñas e a evitar que os investimentos estranxeiros atranquen o sistema intra-europeo.

Segundo, politicamente Brasil está visto como un país onde hai unha experiencia interesante pero non hai moitas ilusións sobre a súa capacidade transformadora. E dende o punto de vista oficial, a prensa está moi en contra da experiencia Bolivariana do presidente Chávez por razóns que pola miña banda non entendo ben. A nivel oficial considérase que a situación de inestabilidade segue a ser un elemento importante. Houbo estes últimos anos o pulo duns movementos considerados aquí tanto como populistas e etnicistas e non hai un coñecemento importante do que está a pasar. Nos anos '60 e '70 tiñamos moitas máis relacións con América Latina que hoxe. Isto dígoo dende o que intúo e o que vexo.

Tamén hai, en último lugar, un tema que se integra no razoamento: é que a mundialización liberal, ao poñer todo o mundo en competencia salvaxe, está esnaquizando non só o vínculo social dentro dos países desenvolvidos senón tamén culturalmente a idea de solidariedade entre os pobos. E de aí vén a indiferenza europea.

Con todo, isto non é unha contradición? Dado que en Venezuela comeza a darse un proceso de desenvolvemento industrial, non pode ser isto un asunto de interese tamén para sectores empresariais europeos?
Venezuela está considerada como parte importante e tamén como un lugar onde os investimentos poden ser fructíferos para as empresas europeas, diso estou seguro. Como potencia petrolífera é moi importante, pero vexo aos europeos temendo enfrontarse cos EUA. Os europeos saben que os EUA están en contra do proxecto bolivariano e que nunca aceptaron nin van aceptar o poder popular de Chávez. É sabido que, basta con levantar a cabeza fronte ao poder imperial, para que este mude en manobras guerreiras.

Pero malia ese enfrontamento aberto entre o goberno norteamericano e o venezolano, os acordos comerciais están máis ou menos intactos.
Os discursos son unha cousa e os intereses outra. A Alxeria de Bumedian, nos '60 e '70, tiña tamén un discurso moi anti-imperialista, pero iso non impedía que fóra daquela, o principal proveedor de petróleo para moitos países europeos, até Francia. O discurso para eles é secundario, o que importa son os intereses. Considero que Europa ten interese en ter relacións importantes con Venezuela, son relacións de Estado a Estado que non teñen que ver cos réximes porque o propio poder político en Venezuela tamén pode ter a súa opinión sobre o que son os países europeos. As relacións comerciais son outra cousa. O problema é que Europa sabe que hai este enfrontamento e moitos empresarios, non digo que temen, pero se preguntan sobre a seguridade dos investimentos en Venezuela. Unha cousa é o que lemos na prensa e outra o que acontece realmente.

A CREACIÓN DO BANCO DO SUR PODE SER UN PASO IMPRESCINDÍBEL PARA LIBERAR LATINOAMÉRICA DO XUGO IMPERIAL

Cal é a túa opinión sobre os acordos que se están a dar, por exemplo o Banco do Sur, Petrosur, Telesur, iniciativas de carácter rexional nas que hai un apoio económico produto da renda petroleira precisamente de Venezuela.
É unha moi boa solución porque sempre, persoalmente, até na época de Porto Alegre, eu defendera a idea de que había que pechar o Banco Mundial e crear bancos rexionais. En África necesitamos bancos rexionais para o desenvolvemento. En América Latina tamén: o Banco do sur parece unha boa proposta, unha moi boa alternativa porque racha co monopolio do sistema financeiro internacional e, se funciona, vai xerar transformacións estructurais entre os países de América Latina, cando menos os implicados no mesmo proceso. Vai xerar a necesidade dunha moeda común, políticas cohesivas de desenvolvemento e investimentos; vai fomentar proxectos comúns e contribuír a fortalecer a identidade común, a de pertenenza, que é o elemento clave para que as nacións latinoamericanas poidan construír algo xuntos. É un paso imprescindíbel para liberarse do xugo imperial. ●



ACCIÓN GLOBAL DOS POBOS



Cartel da IV Conferencia Europea da AGP, celebrada de xeito descentralizado en Francia

Xuntanza en Europa para a **rebelión global** dos pobos

OS REBELDES DO PLANETA XUNTARANSE EN OUTUBRO NA CIDADE GREGA DE TESALÓNICA PARA PREPARAR A QUINTA CONFERENCIA EUROPEA DA AGP

A AGP –Acción Global dos Pobos– é unha ferramenta, unha estrutura de coordinación de grupos e persoas que comparten loitas de carácter anticapitalista e antiautoritario. Inspirada na insurrección zapatista dos anos '90, nacía en febreiro de 1998 en Xenebra (Suíza), onde movementos de todo o planeta se reuniron coa idea de crear unha rede de redes de resistencia contra o mercado global e a Organización Mundial do Comercio.

É unha rede baseada na descentralización e na autonomía, sen representantes, nin membros, nin personalidade xurídica, na que só imperan os principios do rexeitamento do capitalismo, do imperialismo e do feudalismo e a actitude de confrontación con chamamentos á acción directa e á desobediencia civil.

Á AGP débeselle por exemplo a caravana dos indios en Francia en 1998 e numerosas xornadas de acción contra o G8, a OMC, o Banco Mundial, O FMI, etc., especialmente as ben coñecidas de Seattle, Xénova ou Praga.

En Europa, os grupos e individuos achegados aos principios da AGP xúntanse cada dous anos –Milán '01, Leiden '02, Belgrado '04 e Francia '06– para dar ideas e participar na organización das grandes mobilizacións planetarias.

Entre o 19 e 21 de outubro, en Tesalónica (Grecia), vai ter lugar unha xuntanza preparatoria para a vindeira conferencia europea de 2008. Unha preparatoria similar xa tivo lugar en Hamburgo no mes de febreiro.

Antes da reunión de Tesalónica, e durante todo o mes de setembro e parte do de outubro, realizarase unha xira informativa polos Balcáns –Istambul, Sofía, Budapest, Zagreb, Ljubljana, etc. Xa en Tesalónica decidirase a temática a tratar, o lugar concreto –que é o punto máis difícil–, as datas e a estrutura organizativa da que será a quinta Conferencia Europea da AGP.

+INFO E INSCRICIÓNS:
europe.pgaconference.org
www.agp.org

TRIBUNAL SOBRE KATRINA E RITA



"Deixáronnos morrer". Esta é a acusación lanzada contra o goberno de Estados Unidos pola poboación de Nova Orleáns e da Costa do Golfo de México logo do paso dos furacáns Katrina e Rita. Entre o 29 de agosto e o 5 de setembro de 2005 o mundo puido percibir a creba xigantesca do Goberno USA, incapaz de protexer e respectar a vida dos negros e dos pobres.

A 'Coalición de Militantes Negros para as vítimas do Katrina' e a 'Coalición para o Fondo de Axuda e Vixiancia das Vítimas do Furacán' chaman a un Día de acción Global –29 de agosto– para apoiar a convocatoria do Tribunal Internacional destinado a xulgar as violacións dos dereitos humanos cometidas polo Goberno USA. Este Tribunal constituirase en Nova Orleáns (Louisiana) entre o 29 de agosto e o 2 de setembro.
+INFO: internationaltribunal.org

CURSO SOBRE GLOBALIZACIÓN



Concretamente sobre "Globalización e América Latina: cambios e recambios". Trátase dun dos obradoiros a distancia que oferta o excelente instituto uruguaio D3E. Un curso por email para analizar a conxuntura dos procesos globais e os seus impactos en América Latina. Cales foron os cambios ao longo de 2006 e 2007, e onde están os recambios nos procesos globais. Orientado a persoas que desexen unha introdución aos temas da globalización e o papel da sociedade civil, membros de organizacións cidadás que traballan en temas sociais, agropecuarios, ambientais, etc., analizaranse os cambios nos bloques económicos, a política exterior dos países industrializados fronte a rexión, o estancamento da OMC e as implicancións na rexión. O obradoiro é de balde, con inscrición previa, e desenvolverase entre o 5 de setembro e o 3 de outubro. **+INFO**: www.globalizacion.org

SABEDORÍAS ANCESTRAIS



Entre o 12 e 15 de outubro vai ter lugar en Cochabamba (Bolivia) o II Foro Social Mundial das Sabedorías Ancestrais. Que o evento comece o chamado *Día da Hispanidade* en España non é casualidade, senón protesta, e para iso celebrarase unha cerimonia multicultural -Azteca, Mapuche, Guarani e Kallawaya. "Queremos inaugurar o 12 de Outubro cunha cerimonia de desagravio para que conste ante todo o mundo, que non fomos descubertos senón invadidos, que non foi un encontro de dous mundos senón un xenocidio, que non hai masacres condenábeis e outras xustificábeis, que non se pode continuar mentindo ás novas xeracións sobre o acontecido ás culturas orixinarias deste continente e que continuamos vivos, camiñando dignamente, na perspectiva da construción dun mundo novo que recupere os saberes ancestrais, historicamente desprezados."
Entre os organizadores están o 'Movemento Ecoloxista Pachamama', pioneiro na Ecoloxía Social en Bolivia; a 'Comunidade Ecolóxica Janajpacha', colectivo multicultural que hai 16 anos optou por reconstruír as formas de vida comunitaria e renunciou á propiedade privada; e o Círculo Feminino Amazonandina, un grupo de mulleres que cuestionan o Patriarcado e o ecocidio. **+INFO**: www.fsmsabiduriasancestrales.com

FORO MUNDIAL DE EDUCACIÓN



Como o Foro Social Mundial, pois xurdiu tamén do Porto Alegre de 2001, o Foro Mundial da Educación é un espazo plural, non confesional, non gobernamental e non partidario, non violento e autoxestionado a prol da educación. Nel proponse a construción colectiva dunha Plataforma Mundial de Educación e a descentralización dos eventos relacionados co FSM en foros temáticos, rexionais e nacionais. Este ano terá coma sede a cidade de Mogi das Cruzes, na rexión brasileira do Alto Tiête (São Paulo). Comezará cunha gran marcha o 12 de setembro, día de recolleita de credenciais, e prolongarase até o día 16, esperándose a visita de colectivos sociais dos cinco continentes. Coma en todos os Foros Mundiais hai xa definidos uns eixes temáticos: 1.Educar para a sustentabilidade do planeta; 2.Protagonismo: responsabilidade social na educación contemporánea; 3.Práctica en educación: os escenarios da diversidade; e 4.Políticas públicas en educación: efectivando e concretizando dereitos.
+INFO: altotiete.forummundialeducacao.org



ENTRE ECUADOR E VENEZUELA

A Confederación de Pobos da Nación Kichwa do Ecuador-ECUARUNARI, congratulouse a primeiros de mes pola sinatura do Convenio de Integración Enerxética entre Ecuador e Venezuela e a construción dunha refinaría en Manabí. A construción significará deixar de vender petróleo cru e importar derivados, conseguindo grandes aforros económicos para seren investidos en saúde, educación, pequena produción.

"A unidade enerxética é un paso máis na integración rexional (…) esiximos todos os esforzos para lograr a unión económica, política e cultural dos pobos mediante o impulso da Alternativa Bolivariana para as Américas ALBA, o Banco do Sur, do Banco de Desenvolvemento Económico e Social BANDES e da Unión de Nacións Sudamericanas UNASUR", dixo Humberto Cholango, presidente da confederación Kichwa. "Estes proxectos permitirán deixar de depender de organismos como o FMI e o Banco Mundial, que tanta miseria e pobreza provocan coas súas políticas neoliberais". Para os Kichwa, os convenios entre países latinoamericanos, amais de financeiros, deben ser de cooperación e beneficio mutuo para promover a unidade dos pobos, non só dos Estados. "É un bo xeito de celebrar o berro de independencia do 10 de agosto de 1809, abrindo o camiño cara a xustiza e soberanía dos pobos e nacións".
+INFO: www.altercom.org

A INDIA SEGUIRÁ SENDO A FARMACIA DOS POBRES

ALTERNOTIZIE



A India venceu a Novartis nos tribunais

O fallo do Tribunal de Chennai (India) de defender a Lei de Patentes dese país fronte á demanda interposta pola farmacéutica Novartis é unha gran nova para garantir o acceso dos países en desenvolvemento a menciñas esenciais, declararon o 6 de agosto a organización Médicos sen Fronteiras (MSF) e Oxfam Internacional. Ambas organizacións ven positiva tamén a resposta de Novartis, quen comunicou que probabelmente non apelará a decisión.
"Isto representa un alivio para millóns de pacientes e persoal sanitario nos países en desenvolvemento que dependen dos medicamentos xenéricos máis asequíbeis procedentes da India.", dixo Carlos Ugarte, portavoz de MSF en España.
Novartis levou ao Goberno Indio a xuízo por mor da Lei de Patentes de 2005, pois a compañía quería unha protección de patentes máis ampla para os seus produtos. Novartis alegou que a Lei de Patentes india non cumpría coas normas acordadas na Organización Mundial do Comercio e era unha violación da Constitución de India. Aparentemente, todas as demandas de Novartis foron rexeitadas o pasado 6 de agosto co fallo do Tribunal.
Os gobernos dos países en desenvolvemento e as axencias internacionais dependen en gran medida da importación de fármacos asequíbeis da India, e o 84% dos antiretrovirais usados na terapia contra a SIDA que MSF prescribe aos seus pacientes en todo o mundo teñen a súa orixe nas compañías indias de xenéricos. Á India débeselle permitir seguir sendo la "farmacia do mundo en desenvolvemento".

CAMERÚN NO ESQUECEMENTO

A guerra civil e a violencia que desgarran a República Centroafricana provocaron o éxodo de 78.000 persoas –ACNUR–, cara a Chad, Sudán e Camerún. Dende 2006, máis de 26.000 membros da tribo nómade Bororo buscan refuxio na fronteira do leste de Camerún. Logo dun ano cunha protección e asistencia insuficiente, a xente entrou nun círculo de vulnerabilidade que, nos últimos meses, derivou nun serio deterioro da situación médica e nutricional. En Gbiti, provincia do Leste, os nenos entre os 6 meses e 5 anos sofren desnutrición aguda severa nun 3,9% dos casos, así como desnutrición aguda moderada no 7,4%. Entre os de 5 a 10 anos hai cifras máis críticas, cun 7,5% e 16,3%. Ademais, o índice de mortalidade supera de 3 a 7 veces o limiar da urxencia.

Médicos Sen fronteiras está a distribuír racións suplementarias de alimentos, mais non abonda, e expresa a súa preocupación e urxe aos actores humanitarios a actuar axiña para dar asistencia médica e nutricional a estas xentes, esquecidas polo mundo demasiado tempo.
+INFO: www.msf.es

JEAN-PIERRE AMIGO/MSF



MÁIS DE 3.000 ESCRAVOS LIBERADOS NO BRASIL

O número de persoas en condicións análogas á escravitude que foi liberada polas autoridades brasileiras foi de 4.113 en 2005 e de 3.266 en 2006. Segundo un informe da Organización Internacional do Traballo –OIT–, en Brasil hai entre 25.000 e 40.000 persoas que traballan en condicións de escravitude. De acordo coa OIT, esta práctica está especialmente estendida en rexións agrícolas limítrofes coa selva amazónica, onde moitas persoas viven "nunha situación de extrema vulnerabilidade e miseria". Os libertados son na súa meirande parte homes de entre 18 e 40 anos, que deixan zonas pobres dos estados do norte e norleste do país en busca dunha oportunidade noutras rexións e rematan en mans de bandas que explotan o seu traballo a cambio de comida ou, nalgúns casos, dun salario irrisorio. Brasil recoñeceu a existencia do traballo escravo en 1992 ante a OIT e en 2004 ante a ONU, e desde entón miles de persoas foron rescatadas desa situación.
+INFO: www.masvoces.org

AMÉRICA LATINA: DOUS MODELOS DE INTEGRACIÓN REXIONAL

**A primeira semana de agosto América Latina foi testemuña de dúas importantes xiras de presidentes, Lula da Silva e Hugo Chávez. O brasileiro visitou México, Honduras, Nicaragua, Panamá e Xamaica, para promover os agrocombustíbeis. O venezolano foi a Arxentina, Uruguai, Ecuador e Bolivia, con acordos de integración enerxética.
A de Lula foi a "segunda xira do etanol", despois da visita de Bush en marzo. Asinou acordos con Panamá, México e Xamaica e fracasou con Nicaragua. "É inadmisíbel e un crime producir etanol do millo", dixo Daniel Ortega.
A de Chávez foi diferente. Merca de bonos arxentinos, Tratado de Seguridade Enerxética con Tabaré Vázquez, construción dunha refinaría no Ecuador… "Que outro goberno do mundo fixo un ofrecemento de tal magnitude e grandeza", espetou á prensa o uruguaio Vázquez.
En Bos Aires, Chávez dixo que os rozamentos de Venezuela e Brasil non se deben a "unha disputa de liderados" senón a "unha confrontación de modelos enerxéticos". Uns traballan pola integración sobre a base de compartir petróleo e gas; e outros por unha integración en base aos agrocombustíbeis, pero impulsando a mesma política que Estados Unidos. +INFO:** Raúl Zibechi | www.alainet.org

OU BIOCOMBUSTÍBEIS, OU AUGA NO PLANETA

Un grupo de expertos advertiu en Estocolmo contra unha grande ameaza ás reservas acuíferas pola esperada produción masiva de etanol e outros biocombustíbeis para automóbiles, durante a Semana Mundial da Auga que tivo lugar entre o 12 e 18 de agosto na capital sueca.

O instituto SIWI –Stockholm International Water Institute– asegurou que a produción de agrocombustíbeis provocará que se duplique a demanda actual de auga para a agricultura no ano 2050, datos que concordan cos do Instituto de Administración del Agua –IWMI–, apoiado por Nacións Unidas. Outro problema será a necesidade de enormes superficies para sementar as materias primas que deben transformarse.

A Semana Mundial do Auga acolleu a 2 500 participantes de 140 países e celébrase desde comezos dos noventa como o principal fórum internacional para tratar cuestións en torno á utilización da auga de forma respectuosa co ambiente, así como o seu reparto xusto.
+INFO: www.worldwaterweek.org



II ENCONTRO DOS POBOS ZAPATISTAS COS POBOS DO MUNDO

SERENITAU



REXURDE A VOZ DA MONTAÑA MEXICANA

Indíxenas de Chiapas: do eido local ao despegar intergaláctico

CAMPESIÑOS E INDÍXENAS FORON ANFITRIÓNS DUN ENCONTRO QUE REUNIU EN MÉXICO A MOVEMENTOS INTERNACIONAIS QUE ALERTAN DO MODELO NEOLIBERAL E PIDEN VOLVER MIRAR ÁS BASES E RESPECTAR DEREITOS COMO A SOBERANÍA ALIMENTARIA

SILVIA TORRALBA
www.canalsolidario.org

O 1 de xaneiro de 1994, indíxenas da rexión mexicana de Chiapas levantáronse capitalizados polo Exército Zapatista de Liberación Nacional –EZLN– e ocuparon varias cidades da zona. Pretendían denunciar as condicións de desigualdade e pobreza nas que vivían as familias campesiñas e indíxenas e tivo lugar o día en que o Goberno mexicano asinaba o Tratado de Libre Comercio de América do Norte.

Dende o primeiro intre, os zapatistas agacharon as súas facianas captando a atención de gobernos, medios e comunidade internacional. As súas demandas chegaron a moitos países a través de Internet e ao longo destes case catorce anos construíron relacións de apoio con outros grupos e movementos sociais que, espallados polo mundo, tamén denuncian o desigual modelo económico.

Ao intercambio de ideas e experiencias que as novas tecnoloxías permitiron, sumouse en xaneiro deste ano un encontro físico en Oventic –Chiapas–, no que se repasou a historia da loita indíxena en México. Agora, as comunidades indíxenas de Oventic, Morelia e A Realidade volveron acoller milleiros de persoas que, entre o 20 e 28 de xullo, atopáronse para coñecer como se organizan as comunidades indíxenas zapatistas.

Un dos movementos asistentes foi a Unión Campesiña india Bhartiya Kissan, cuxo coordinador, Yudhvir Singh, explicaba no diario *La Jornada* que a loita da súa organización "é pola supervivencia. Aquí en Chiapas aprendemos moito estes días. Vemos que a súa loita parécese ás nosas". En 2002, esta entidade protagonizou nas rúas de Mumbai unha protesta contra o encontro da OMC en Qatar que rematou coa detención de 71.000 labregos. Unha vez na cadea, negáronse a saír en liberdade se non era coa condición de ter terras propias. O que comezou como unha manifestación na rúa converteuse nunha ocupación pacífica das comisarías coa obriga do Goberno de pagar a comida e os billetes de regreso a casa a 71.000 detidos.

Á visita da Bhartiya Kissan uníronse movementos como os Sen Terra, labregos de Estados Unidos, Madagascar, e representantes de varios países de Vía Campesiña. Falaron de cuestións que afectan a todos: o acceso á terra, a presión do agronegocio, o "bo goberno", a igualdade de xénero e o acceso a servizos públicos como educación e sanidade. "Nós estudamos as causas das loitas sociais do mundo e ensinámosllo aos nenos. A historia dos nosos avós traballámola con eles e escríbese en colectivo. Resgatamos do neoliberalismo a nosa historia. Estudamos a xeopolítica do poder, e a nosa", explica en *Indymedia Chiapas* Caralampio, responsábel de varias escolas zapatistas.

Tamén no eido da saúde vanse autoxestionando e puxeron en marcha hospitais como o de San José, que programa ciruxías, cursos de enfermería e evita en moitos casos que as familias deban desprazarse á cidade para recibir atención médica.

As mulleres, en decembro

O II Encontro rematou co anuncio dunha terceira xuntanza a finais de decembro, na que as protagonistas serán as mulleres campesiñas e indíxenas do mundo. "Vaian dicindo aos seus esposos que se queden a coidar a casa, os fillos e os animaliños", xa que neste encontro as mulleres atoparanse "para organizar a loita contra o capitalismo e o neoliberalismo", explicou Elverilda, indíxena zapatista.

+INFO: chiapas.indymedia.org
enlacezapatista.ezln.org.mx
www.radioinsurgente.org

KALVELLIDO.NET



PERSPECTIVAS


Nun dos seus obradoiros de capacitación con mulleres dominicanas, sobre o coidado de animais de traspatio, Cris tomou un rotafolios sobre o que comezou a debuxar unha casa e ao redor algúns chanchos, unhas galiñas e dúas vaquiñas. Mentres as mulleres debatían sobre o beneficio duns animais ou outros Cris, escoitándoas, ía adornando o debuxo, uns pastos á dereita da casa con algunhas matas de mango e chinolas, a liña do horizonte á altura da casa e por riba un sol caribeño de domingo, nubeiros e algúns paxaros espallados.

Atenta ao debuxo unha dona ergueuse dos bancos e sinalando a liña do horizonte aclarou con voz recia, mire muller se non nos baixa a corda ningunha de nós poderá tender a roupa.

Gustavo Duch Guillot
Director de Veterinarios Sen Fronteiras

EDUARDO GALEANO

O NENO PERDIDO...



'O neno perdido na intemperie', de *Ser como ellos y otros artículos*. Arxentina. Siglo XXI (1992).

En Bucarest, un guindastre leva a estatua de Lenin. En Moscú, unha multitude ávida fai cola ás portas de McDonald's. O abominábel muro de Berlín véndese en anaquiños e Berlín Este confirma que está emprazado á dereita de Berlín Oeste. En Varsovia e Budapest, os ministros de Economía falan igualiño que Margaret Thatcher. En Pequín tamén, mentres os tanques aplastan aos estudantes. O Partido Comunista Italiano, o máis numeroso de Occidente, anuncia o seu suicidio. Redúcese a axuda soviética a Etiopia e o coronel Mengistu descobre, de súpeto, que o capitalismo é bo. Os sandinistas, protagonistas da revolución máis linda do mundo, perden as eleccións: "Cae a revolución en Nicaragua", titulan os xornais.

Parece que xa non hai sitio para as revolucións, como non sexa nas vitrinas do Museo Arqueolóxico, nin lugar para a esquerda, salvo para a esquerda arrepentida que acepta sentarse á destra dos banqueiros. Estamos todos invitados ao enterro mundial do socialismo. O cortexo fúnebre abrangue, din, á humanidade enteira.

Eu confeso que non o creo. Estes funerais trabucáronse de morto.

ALTERMUNDO. SUPLEMENTO HORIZONTAL DE GALICIA HOXE | GALICIAHOXE@ALTERMUNDO.ORG | **DIRECCIÓN**: MANOEL SANTOS | **CONSELLO DE REDACCIÓN**: XOSÉ MANUEL BEIRAS, IMANOL DORCA, CARLOS TAIBO, XAVIER SIMÓN, XABIER MACÍAS, XULIO RÍOS, ALFREDO IGLESIAS DIÉGUEZ E CÂNDIDO GRYZBOWSKY | **MAQUETACIÓN**: MARÍA JOSÉ CEA OTERO | **REVISIÓN LINGÜÍSTICA**: MARICARMEN PÉREZ